

## A NOSA TRADICIÓN ORAL 23

## SAN ANTONIO E O TOURO



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_TrOr\_0053\_058\_en\_0\_56\_04\_id692\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_TrOr\_0053\_058\_en\_0\_56\_04\_id692.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Etnográfico xeral

**MATERIAL DISPOÑIBLE**

Audio mp3, transcripción e comentarios

**DATA DE RECOLLIDA:** 1994-1995

**LOCALIZACIÓN:**

**Parroquia:** Parderrubias  
**Concello:** Salceda de Caselas  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

**INFORMANTE:**

**Nome:** Martínez Rodríguez, Olga  
**Idade no momento da recolla:** 48 anos  
**Lugar e data de nacemento:** ca. 1946

**RECOLLEDORA:** Raquel (I.F.P. Francisco Sánchez, Tui)

**COMPILADOR:** López González, Xosé (profesor)

**COLECCIÓN:** A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

## NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

**Outra transcripción dispoñible en:** Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme (1996). *Guía Didáctica A Nosa Tradición Oral*. Museo do Pobo Galego; páx. 30. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

**TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez

**Clasificación:** Contos burlescos e picarescos

## PALABRAS CHAVE

San Antonio, touro, conto, burla, picaresca

## TRANSCRICIÓN



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Tamén era unha ves un home que tiña unha vaca, e púxose mala, e a vaca estaba pa' parire. E entonces foise e ofreceuse a San Antonio que lle salvara a vaca. Que se lle morría, se lle morría a vaca e que lle daba o touriño a San Antonio. Se non lle morría a vaca que lle daba o touriño a San Antonio.

E resulta que bueno, a vaca sanou e cando pariu pois crioulle o touriño e cando valía levoullo a San Antonio, o touriño era moi bonito, e levoullo á igrexa e díxolle:

- Bueno, San Antonio, aquí lle traio o touriño.

Pero o San Antonio non lle facía caso ningún, claro. E entón dixo él:

- Bueno pois... aquí o teis, aquí o teis.

E... como miraba co San Antonio, claro, como era de pau e non facía caso ningún, agharrou e dixo:

- Bueno pois aquí che queda, eu pa' casa no levo, ofrecincho, aghora... aquí che queda.

E atoullo cunha cordiña á man, e entonces, claro, él botou a andar pola porta pa fóra. E o touriño así que se mirou solo pois botou tamén a andar detrás do home e entonces traía o San Antonio arrasto.

E o home, claro, sentía o ruído, mirou p'atrás e mirou que viña o touro a correr e o San Antonio detrás del e díxolle el:

- Carallo San Antonio! Que roghado te facías que non o querías pero aghora ben que corres detrás del.